



NOTA INFORMATIVA SOBRE O EMPREGO DE MAQUINARIA AGRÍCOLA EN PERÍODO DE ALTO RISCO DE INCENDIO

No DOG do 29 de xuño de 2026 publícase a Orde do 23 de xuño de 2026 pola que se regula a utilización de maquinaria durante a época de perigo alto, nos supostos de índice de risco de incendio forestal moi alto ou extremo.

Abrangue o período entre o 1 de xullo a 30 de setembro e para o caso de cando o IRDI sexa moi alto ou extremo.

1. Permítese a realización de actividades de carácter preventivo, silvícola ou agrícola que requiran a utilización de maquinaria dentro dos terreos forestais e as súas zonas de influencia, **nos termos e coas recomendacións establecidos na actualización do Pladiga 2026. Algunhas das recomendacións recollidas neste son:**

- Consultar diariamente o nivel de risco de incendio (IRDI) para a zona de actuación e respectar as restricións establecidas segundo a época de perigo de incendios.

[Índice de risco diario de incendio forestal | Portal da Consellería do Medio Rural](#)

- Solicitar autorización se é obrigatoria para determinados traballos.
- Revisar que non existan fugas de combustible ou aceite.
- Comprobar o estado do sistema eléctrico e evitar elementos deteriorados.
- Instalar e manter en bo estado matachispas nos tubos de escape.



- Limpar regularmente restos vexetais acumulados na zona do motor, radiadores e escapes.
- Facer pausas para evitar sobrequecementos.
- Non aparcar sobre vexetación seca.
- Non recargar combustible coa maquinaria quente.
- Evitar traballar en días con temperaturas moi elevadas e/ou vento forte ou racheado. Evitar as horas centrais do día.
- Suspende os traballos se o risco é extremo ou se as condicións empeoran bruscamente.
- Dispoñer sempre de extintor/es revisado/s e operativo/s (adaptados ao tipo de maquinaria).
- Dispoñer dun depósito de auga ou mochila extintora.
- Ter a man ferramentas manuais (ao menos un batelumes e unha pa).
- Formar aos operarios en prevención e actuación inicial ante incendio.
- Ter claro o protocolo de actuación en caso de fogo.
- Comunicar inmediatamente calquera comenzo de lume.



2. A maiores, no caso de ter que desenvolver estes traballos na franxa horaria entre as 12.00 e as 18.00 horas deberase:

- Contar cunha persoa que poida exercer de observador para que dea aviso ante un posible conato.
- Dispoñer de:
 - ✓ un depósito de auga cunha capacidade mínima de 400 litros
 - ✓ un extintor de espuma con base de auga de polo menos seis quilogramos
 - ✓ dous batelumes
 - ✓ unha mochila extintora cunha capacidade mínima de 15 litros.

Onde alertar en caso de lume:

